



Parlamento das Letras: Xosé Monteagudo

Publicado o [02/05/2012](#)

A narrativa de Xosé Monteagudo é como moitas das nosas praias: de liñas limpas e fermosas, pero cunha resaca tremenda. Un avanza polo areal da súa narrativa gozando do aveludado ganduxado da area estrutural, pisando cada parágrafo para apreciar o finísimo gran do que están feitos personaxes, diálogos e situacións, mais nada fai sospeitar o misterio abouxador, esa onda traidora que se agocha nos reveladores finais.

Nas novelas de Monteagudo a ondaxe dunha intriga por resolver arrastra o lector bañista ata que o engulipa definitivamente. E faino no medio dunha paisaxe argumental amable, perfectamente delineada, onde nada sobra porque todo está no seu sitio para adornar a estampa, ese cadro que funciona como un belo mecanismo narrativo que te vai preparando ata que traspasa a mallante do inesperado.

Foi construíndose, así, unha das traxectorias máis recoñecidas dos últimos anos, merecedora de galardóns como o Blanco Amor ou o García Barros, labrando unha voz propia e singular que deita verbas imán como as que aquí nos deixa.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O meu primeiro texto do que se publicou noticia foi un relato titulado “O engado do triángulo”. Eu enviárao ao concurso Modesto Rodríguez Figueiredo do ano 2001 e un día abrín o xornal e lin que ademais do gañador, o xurado lle outorgara un accésit a ese relato. Eu tiña daquela 36 anos. Levaba escribindo desde a adolescencia, pero non tiña ningún contacto co mundo literario, así que o primeiro que pensei foi que había outro escritor que se chamaba igual ca min e que obtivera o accésit. Tiven que o ler por segunda vez para comprender que se refería a min. Con todo, ese relato non foi o primeiro que eu publiquei, xa que non se editou ata tres anos despois, e antes, no ano 2002 gañei o premio Blanco Amor coa miña primeira novela, *As voces da noticia*. De inmediato chamáronme de Galaxia, interesándose pola novela, e publiquei con eles.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Indubidablemente, a mellor tratada foi *Un tipo listo*, que recibiu un eloxio unánime da crítica e tamén encontrou un número moito maior de lectores ca as outras miñas dúas novelas. *As voces da noticia* atopou un certo número de lectores moi agradecidos, pero para a crítica pasou un pouco máis desapercibida do que merecería polo premio Blanco Amor que gañara. A razón creo que estivo en que eu era un absoluto descoñecido no mundo das letras, non concitei esa

atención, e por outra banda, aínda que os recursos literarios que emprego nela non teñen nada de tradicionais, a historia que conto desenvólvese no rural e a estigmatización do ruralismo xogou na súa contra.

—¿Tes algún hábito especial ou manía á hora de escribir?

Son moi disciplinado. Necesito silencio, tempo e non sentir frío. O frío conxélame as ideas e calquera preocupación pola hora descéntrame. Escribo todas as tardes, excepto as fins de semana e mais no verán. A primeira versión da novela procuro facela a bo ritmo, deixando que o relato vaia tirando do fío e as ideas flúan libremente. Escribo sempre á man e logo pásoo ao procesador e corrijo sobre as follas impresas. Satisfaimo moito o traballo de corrixir e a el dedícolle a maior parte do tempo que me leva unha novela.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Máis ca unha cuestión de nomes, que os hai, claro está, a preferencia dítaa para min compartir con eles unha mesma concepción da literatura. O tipo de escritor, de escritora, que me gusta é o que concibe a súa relación coa literatura con rigor e que vive, é dicir, que goza ou sofre, coa escrita máis ca da escrita. Iso non quere dicir que non se preocupe pola difusión do que publica e que non aspire a un recoñecemento, pero desde a concepción de que ser escritor non é unha profesión senón un estilo de vida. Os nosos clásicos, antigos e recentes, que crearon en circunstancias bastante máis difíciles, sabíano ben. Algúns dos escritores e escritoras actuais tamén o saben. Con eles gustaríame figurar.

—Se tiveses que historiografiar a túa propia traxectoria literaria, ¿qué trazos salientarías?

Á parte de que a miña traxectoria literaria aínda é curta en títulos, que non en traballo silencioso, coido que non teño a perspectiva axeitada para xulgar o que publiquei. Do único que podo falar é das intencións que tiña ao escribir ou do obxectivo co que escribo. Neste senso, podo dicir que me considero un escritor ambicioso e perfeccionista. Non me gusta repetir fórmula. Para gozar do proceso de escribir, que xulgo o máis importante, preciso experimentar formas literarias novas de cada vez. Cada novela é un desafío que mantén viva a miña ilusión, e a ilusión é o combustible que fai avanzar todos os meus proxectos literarios.

—¿Que lecturas te acompañan ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

O que máis leo é narrativa de ficción, sen descoidar a biografía e o ensaio. Poesía, menos. Non me gusta regresar con frecuencia a ningún escritor porque remata por aburrirme. Na repetición descubro a carpintería, os trucos do oficio, e esvaécese o meu gozo de lector. Con estas consideracións, entre os escritores que lin máis e con maior entusiasmo nalgún momento da miña vida podería citar a Faulkner, Stendhal, Dickens, Blanco Amor, Vargas Llosa, Neruda, Méndez Ferrín, Cortázar, Graham Greene e algúns outros. Pero máis ca de escritores, do que tería que falar sería de obras concretas que me abraiaron cando as lin por primeira vez. Aí a lista sería interminable.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

O que lle falta hoxe é apoio para difundilas dentro e fóra do país. As letras sempre aspiran a ser recoñecidas en ámbitos cada vez máis amplos, aos cales non se chega sen un decidido apoio de axentes externos ao escritor. Sen unha industria cultural forte, sen unha aposta institucional clara e con feitos, sen un compromiso auténtico de todos os intermediarios entre o escritor e a sociedade, ao único que poden aspirar as letras galegas neste aspecto é a que a algún dos seus

creadores lle toque a lotería de que un axente doutro ámbito cultural se fixe nel e consiga impoñelo fóra, converténdoo así nunha referencia recoñecible das nosas letras. Polo camiño quedarán todos os outros creadores que non teñan esa sorte, a pesar de contar cunha obra literariamente merecedora de amplo recoñecemento.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿Qué non te perdoarías non deixar escrito?

Xustamente unha das novelas que agora me ocupa e que aínda estou moi lonxe de saber cando rematarei.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

É unha valoración razoablemente positiva. Sen caer en absurdas autocompracencias, creo que a literatura galega dos últimos anos no xénero da narrativa, que é o que mellor coñezo, está dando unha interesante colleita. Coma en toda literatura, hai obras boas e malas, pero nos últimos quince anos poderían seleccionarse unhas cantas que están á par de moitas das obras que máis eloxios recibiron noutros ámbitos literarios. En todo caso, falo de obras moi superiores literariamente á maioría das que se traducen e publican nos grandes sistemas literarios coma o inglés, o francés ou o castelán. Por que o conseguen eles e nós non? A resposta xa a dei cando falaba dos axentes externos ao escritor.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Unha consideración de futuro. Ata hai pouco eu era dos que vían con escepticismo, cando non con desconfianza ou temor, o futuro dixital no relativo ao libro e ao que o rodea. Pero estou cambiando de opinión. Se finalmente se impón o libro dixital, o panorama mudará totalmente. A industria editorial e os axentes externos creo que seguirán tendo un papel importante na tarefa da difusión e o recoñecemento das nosas letras, pero se cadra ese papel xa non dependerá tanto do diñeiro coma das ideas e da habilidade coa que se adapten ao novo medio e, sobre todo, da decisión que mostren no cometido. Os blogs, as redes sociais, os novos xornais dixitais en galego ou a crítica literaria que se aloxa na internet están mostrando un camiño. Así que agradezo que me fixeras a entrevista neste medio porque sei que todo isto que digo, o mesmo ca todo o que ti escribes sobre os libros, aí permanece. Non se perde nin é difícil de buscar e tampouco non se esquece definitivamente, con todo o que iso supón de vantaxe fronte ao papel.